

Nas miñas primeiras lembranzas visuais sobre o mar de Vigo, lembro como os barcos paraban no medio da ría, porque non había porto tal e como o percibimos na actualidade, e os pasaxeiros accedían aos barcos en lanchas. Recordo que se construíu o peirao, despois da guerra, a partir de 1940, en cuxos grandes bloques de pedra amoreados descubrín as sensacións do meu primeiro e inocente bico.

Había un club náutico con pontóns de madeira ao lado da estación de viaxeiros. Os billetes de embarque comprábanse previamente nas propias compañías dos barcos e alí, na estación, embarcaban multitudes de persoas, auténticas greas humanas que parecían non rematar nunca, con permiso de traballo noutro país alleo, mais tamén moitas crianzas menores de 15 e 16 anos, sen documentación, que levaban para fóra familiares, amigos e veciños coa vontade de procuraren para eles un futuro mellor.

Esas saídas cara a América eran inhumanas moitas veces. Coido que nin o gando era tratado como aqueles seres humanos expulsos da miseria interior cara ao suposto mundo da opulencia.

Recordo con tristura os nenos que ían despedirse de seus pais. Ollos miúdos parados nun intre doloroso, chorosos, mans agarradas ás saias das nais, alleos á cruel realidade do momento da despedida que marcaría un antes e un despois en tantas vidas tronzadas. Nais conscientes da súa inmediata viuvez e pais que dificilmente podían disimular unha despedida para sempre. Vin tantas veces esa reiteración de escenas idénticas que me fixeron comprender desde moi cedo que eu era unha nena galega privilegiada.

Do libro *Vivir unha aventura irrepitíbel*.
Biografía de María de María do Carme Kruckenberg
Editorial Galaxia, 2011, pp. 43-44